

O mar é vida


As agresións

A explotación á que está sometido o mar é fonte de agresións constantes: sobrepesca, destrución de hábitats, contaminación con todo tipo de produtos...


AS AGRESIÓNS Ó MEDIO MARIÑO

PROBLEMAS	CAUSAS	EFECTOS	ALTERNATIVAS
SOBREEXPLOTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> -Captura excesiva de especies -Emprego de aparellos agresivos: redes de deriva moi grandes, mallas moi pequenas, rastros con dentes moi grandes ou sen a separación axeitada... -Explotación de zonas de cría -Furtivismo -Capturas en época de desove ou de especies inmaduras 	<ul style="list-style-type: none"> -Esgotamento de especies e poboacións -Diminución dos recursos e dos postos de traballo 	<ul style="list-style-type: none"> -Regular as capturas por medio de vedas ou paros biolóxicos. -Fixar e inspeccionar as características dos aparellos (tamaños de mallas e dentes, lonxitude e altura...) -Realizar repoboacións de especies -Preservar zonas especialmente sensibles ou de gran importancia para a reprodución das especies -Fomentar a pesca artesanal
CONTAMINACIÓN ORGÁNICA	<ul style="list-style-type: none"> -augas residuais de vivendas -vertidos de residuos de actividades industriais, agropecuarias, acuicultura... -materiais procedentes do arrastre do solo 	<ul style="list-style-type: none"> -enfermidades infecciosas -eutrofización -dificultade de penetración da luz e consumo de oxíxeno na descomposición 	<ul style="list-style-type: none"> -depuración -protección do solo -reciclaxe de residuos orgánicos
CONTAMINACIÓN QUÍMICA	<ul style="list-style-type: none"> -actividades agrícolas: pesticidas, fertilizantes... -vivendas: deterxentes, lixivas, graxas, disolventes... -industrias: deterxentes, graxas, metais, pinturas, hidrocarburos, disolventes, substancias radioactivas... -navegación: hidrocarburos vertidos en operacións de limpeza e trasvase, accidentes... 	<ul style="list-style-type: none"> -destrución de ecosistemas: alteración do fitoplano, incorporación ó medio e á cadea alimenticia de produtos tóxicos ou prexudiciais para a vida. -intoxicación ou morte de seres vivos 	<ul style="list-style-type: none"> -uso de substancias biodegradables -control dos vertidos -depuración -instalación de medidas de seguridade -separación do tráfico perigoso da costa -instalación de colectores para residuos nos portos -redución do uso de produtos químicos nas vivendas, na agricultura...
OBRAS NA COSTA	<ul style="list-style-type: none"> -Construción de diques, recheos, paseos marítimos... 	<ul style="list-style-type: none"> -Alteracións dos ecosistemas -Destrución da liña costeira -Eliminación de marismas e zonas de drenaxe 	<ul style="list-style-type: none"> -Planos alternativos -Estudios de impacto en cada actuación -Normativas urbanísticas respetuosas coa costa.
ABANDONO DE RESÍDUOS	<ul style="list-style-type: none"> -Vertidos de residuos de obras, domésticos ou industriais -Abandono de redes, aparellos, restos de embarcacións e bateas... 	<ul style="list-style-type: none"> -Lesións nos animais mariños: aves, focas, golfinhos, peixes, tartarugas... -Impacto visual na costa -Danos nos aparellos -Risco de accidentes 	<ul style="list-style-type: none"> -Traslado a terra de todos os residuos -Colocación de colectores nos portos -Deseño de sistemas de eliminación de restos de embarcacións, bateas, maquinaria...

CONTAMINACIÓN DO MAR




O mar non é un vertedoiro (o que dura o lixo no mar)



Das 100 especies de peixes que se capturan no mundo 60 están explotadas por enriba do ecoloxicamente admisible.



Aproximadamente un 25% da pesca rexéitase por considerala inservible (descartes).



Entre 1967 e 1982 fixéronse 29 operacións de vertidos radioactivos (95.757 tn) a 388 millas de Estaca de Bares. As mobilizacións feitas por diferentes colectivos ecoloxistas e cidadáns conseguiron paralos.

Moitos países mergullan os seus vertidos radioactivos en zonas profundas do mar.

As construcións na costa modifican os hábitats e privannos a todos de espazos públicos.



Lixo nas augas dun porto



Plásticos atopados nos intestinos dun caldeirão..

O 83% DAS ESPECIES CAPTURADAS SON DEVOLTAS AO MAR...



Foca ferida con restos dunha rede abandonada no mar